



Lugo, 3 de xullo de 2012. ADEGA inaugurou hoxe a exposición de humor gráfico “**Rir, por non chorar**”

na Praza de San Marcos de Lugo ás 12 horas. Durante unha semana, até o 10 de xullo, esta exposición brinda a todos os cidadáns de Lugo unha oportunidade para achegarse ás problemáticas ambientais galegas que afectan ao noso territorio dende outro prisma, a través da visión irónica e crítica dos artistas gráficos galegos. Esta mostra percorrerá varias localidades da provincia de Lugo até finais de ano.

O obxectivo deste proxecto é concienciar sobre as ameazas e as agresións que se cernen sobre o noso patrimonio natural e cultural. Por outra banda, intenta buscar solucións e propostas realmente sostíbeis e equilibradas de respecto ao noso entorno.



A mostra conta con 36 obras de preto dunha vintena de humoristas gráficos e ilustradores de toda Galiza, tales como: Pinto & Chinto, Leandro, Guitián, Calros Silvar, Alberto Okidoki, Almudena, Dávida, Idoia de Luxán, M^a Carmen Ferrín, Rooster, Sergio Covelo, Marcos Beltrán, Quico, Zamudio, Miguel Fernández, Jorge Alba, Alfredo López “Tokio”.

Esta actividade enmárcase dentro do programa "Cultura e Territorio" pertencente á campaña "Ponte no medio. Móvete polo Territorio" que ADEGA iniciou o pasado ano en defensa dunha ordenación territorial racional, sustentábel e con futuro. A mostra conta co apoio da Área de Cultura e Turismo da Deputación Provincial de Lugo.

Para máis información:

Anxo Manoel Lamelo (coordinador): 667096124 ou culturaeterritorio@adega.gal